

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E MANAIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO, PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA PREPARACIÓN, APOIO E ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS E ACOLLEDORAS NO ANO 2025.

No lugar e na data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ao abeiro da disposición transitoria do dito Decreto 42/2024, do 14 de abril e a resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

E doutra, dona Tania Lago Aller, con DNI 36.148.598-G, presidenta de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" con NIF G36975944, con domicilio social na rúa Ramón Cabanillas n.º 1 – Barrantes en Ribadumia (Pontevedra), actuando en calidade de representante da entidade en virtude do seu nomeamento por acordo da Asemblea Xeral, de conformidade co disposto nos artigos 11º e 12º dos seus Estatutos, inscritos no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia por resolución de 26/07/2006 co núm. 2006/9774-1ª, conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

### EXPOÑEN

**Primeiro.** As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da entón Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

**Segundo.** A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que as persoas menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

**Terceiro.** A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia





social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro e, en virtude da dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

**Cuarto.** A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, na Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

**Quinto.** "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" é unha entidade sen ánimo de lucro de natureza asociativa constituída e inscrita no Rexistro de Asociacións co nº 2006-9774-1, que se rexe polos seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais normativa aplicable e que ten entre os seus fins fomentar no ámbito de Galicia a adopción, nacional e internacional e o acollemento; facilitarlle ás familias galegas axuda para levar a cabo os procesos de adopción ou acollemento e colaborar coas administracións públicas para facilitar os procesos de adopción e acollemento, segundo consta no artigo 5 dos seus estatutos.

A entidade figura recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-6183.

**Sexto.** A adopción é unha medida de protección dirixida á persoa menor de idade en situación de desamparo, consistente na integración definitiva desta nunha familia distinta á súa familia de orixe.

A Xunta de Galicia promove a adopción dunha persoa menor cando, valorada a súa situación e circunstancias, se constata a inviabilidade da permanencia definitiva ou da reintegración na súa familia de orixe, responda ao interese daquela e constitúa a medida máis axeitada para atender as súas necesidades.

A dita medida determina a selección dunha familia idónea para o neno ou a nena que a necesita. Polo tanto, é fundamental que esta familia estea preparada e conte coas estratexias precisas para afrontar o reto de crear unha nova familia, que sexa coñecedora das situacións que se lle poidan presentar, das distintas etapas polas que vai pasar e dos recursos aos que poder acudir.

Un dos factores que, sen dúbida, axudan a garantir o éxito no proceso adoptivo é a formación continua e o apoio familiar, tanto dende un punto de vista emocional como estratéxico e educativo, sendo necesario reforzar o acompañamento e o apoio ás familias en proceso de adopción ou acollemento e ás familias adoptivas e acolledoras para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas das persoas menores adoptadas, labor que "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", vén desenvolvendo a través das actuacións que conforman o "Programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras", de importante interese social, nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. Sendo esta entidade a única, en toda Galicia, que reforza a labor de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras.

A execución do programa materialízase a través da concesión dunha subvención directa outorgada mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" a cal está especializada no ámbito da infancia, coa realización dun traballo orientado a reivindicar o dereito das nenas, nenos e adolescentes que o





necesitan a vivir en familia achegando ás familias en proceso de adopción ou acollemento e as familias adoptivas e acolledoras a realidade adoptiva de Galicia, así como promover espazos de reflexión en busca de alternativas reais ao iniciar novos procesos adoptivos.

Por outra banda, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" achega o valor engadido de co-financiar o desenvolvemento do programa con fondos achegados por outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade.

**Sétimo.** A Consellería de Política Social e Igualdade considera de especial importancia favorecer programas como o que se describe, a través do cal a referida Asociación achega un punto de vista único para desenvolver as actividades obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio, debido a que enfoca o seu traballo dende a perspectiva de familias adoptivas e acolledoras que poden transmitir en primeira persoa a experiencia característica deste proceso.

O programa financiado ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade de interese social que se ampara no artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

O financiamento deste programa, exclúe o ánimo de lucro e non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 24 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Esta entidade ten acreditado, a través dunha declaración responsable, que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social.

Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social e Igualdade considera idóneo o impulso a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" para a execución do Programa "Preparación, Apoio e Acompañamento ás Familias Adoptivas e Acolledoras" no ano 2025.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben, de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que se desenvolverase de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", a través da concesión directa dunha subvención pública para o financiamento do desenvolvemento, na Comunidade Autónoma de Galicia, do "Programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras" do que é titular a dita entidade, mediante o cal se facilita o adecuado desenvolvemento, na súa nova vida, da persoa menor adoptada mediante a orientación, o asesoramento, acompañamento e apoio especializado ás familias en proceso de adopción ou acollemento e ás familias adoptivas e acolledoras e/ou ás persoas menores.



## SEGUNDA. PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA

Son beneficiarias do programa as persoas menores adoptadas e acollidas, as familias en proceso de adopción ou acollemento, así como ás familias adoptivas e acolledoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

## TERCEIRA. OBXECTIVOS E CONTIDO

O obxectivo do programa é ofrecer información, orientación, acompañamento e apoio ás persoas menores adoptadas e acollidas, ás familias en proceso de adopción ou acollemento e ás familias adoptivas e acolledoras, con independencia da información e formación proporcionadas pola Entidade pública, para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas destas persoas menores.

Para a súa consecución desenvolveranse as seguintes actividades:

- a) Realización mensual de obradoiros familiares e grupos de apoio mutuo en cada unha das sete cidades galegas (agás agosto), cun mínimo total de 77 sesións anuais, centradas nas demandas específicas das familias e con metodoloxías participativas.
- b) Organización, colaboración e participación en congresos, simposios, xornadas formativas e encontros relacionados coa adopción e o acollemento, co fin de analizar, estudar e mellorar estes ámbitos, incluíndo a celebración bienal do Congreso Galego de Adopción e Acollemento.
- c) Atención individualizada e coordinación permanente por parte dun profesional específico que garantirá asesoramento e apoio ás familias durante todo o proceso, tanto de forma presencial na sede da asociación como mediante visitas mensuais ás diferentes cidades, incluíndo enlace con asesoramento xurídico especializado.
- d) Orientación psicolóxica e social gratuíta (até un máximo de cinco sesións) ofrecida por profesionais de Psicoloxía, Traballo Social e Educación Social para apoiar e acompañar as familias e persoas adoptadas ou acollidas fronte ás dificultades específicas que poidan xurdir no proceso, facilitando orientación especializada e derivación a recursos adicionais se fose necesario.

O detalle correspondente ás actividades indicadas anteriormente reflíctense no anexo II Programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras.

## CUARTA. COMPROMISOS DE "MANAIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO"

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento":

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades do programa, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, atendendo aos criterios establecidos no convenio.





- c) Xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Política Social e Igualdade, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. A tal efecto, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" subministrará á Consellería de Política Social e Igualdade, previo requirimento, toda a información necesaria sobre o cumprimento das obrigas previstas segundo o programa establecido no Anexo II, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- e) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nas cláusulas deste convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo. "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" comprométese a empregar a lingua galega en todas as actividades derivadas do presente programa, incluída a información en páxinas web.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e o artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro
- j) Asemade "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

## QUINTA. PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento do programa obxecto de subvención a través deste convenio, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" disporá de persoal especializado, nesta área de actuación, con dedicación exclusiva. Este persoal será unha persoa co posto de coordinadora e outra co posto de auxiliar administrativa.

O persoal que "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" poña a disposición para o desenvolvemento das actuacións que conforman este programa, en ningún caso poderá actuar baixo a



dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes ao seu persoal e a que ostente respecto deste o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes á súa condición de entidade empregadora.

A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que desenvolvan o programa a subvencionar a través deste convenio e a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non se lle poderá esixir a esta, responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

## SEXTA. FINANCIAMENTO, XUSTIFICACIÓN E CONTROL

1. O custo total do programa a subvencionar a través deste convenio é de cento cinco mil cincocentos euros (105.500,00 €), dos que a Consellería de Política Social e Igualdade contribuirá ao seu financiamento cunha contía global de sesenta e cinco mil cincocentos euros (65.500,00 €), que se financiará con cargo á partida orzamentaria 08.02.312B.481.0, na que existe crédito axeitado e suficiente.

O importe da subvención límitase ao financiamento dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade beneficiaria.

Así mesmo, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" comprométese a achegar a cantidade de corenta mil euros (40.000,00 €) procedentes de fondos propios da entidade e/ou de subvencións recibidas por esta.

Ditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no anexo I. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

2. O pagamento da subvención realizarase a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", en aplicación dos artigos 26.4 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, do seguinte xeito:

a) Tras a sinatura do presente convenio poderán realizarse pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 52.400,00 € (80% da cantidade anual subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas no programa a subvencionar a través deste convenio, do seguinte xeito:

1º. A cantidade 19.150,00 € (80% dos 18.000 primeiros euros máis o 10% dos 47.500,00 euros restantes), será satisfeita no intre no que se asine o convenio, co obxecto de que se poidan cubrir os custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa. O emprego desta cantidade xustificárase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

2º. Ata 33.250,00 € pagaranse a medida que se xustifique, de acordo co punto 3, a realización das actividades descrita no programa a subvencionar por este convenio.

b) Os 13.100,00 € restantes (20% da cantidade subvencionada), pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade das actividades subvencionadas.

3. A realización das actividades e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse previo o





aboamento da subvención conforme ao recollido no número anterior, e de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" debe presentar en cada xustificación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

- 1º. Xustificación do gasto.
- 2º. Actividades realizadas.
- 3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
- 4º. Valoración global.
- 5º. Accións de innovación e investigación.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada dos gastos das actividades, coa identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior, relativa á documentación acreditativa do pago. As mesmas serán cotexadas por parte do órgano encargado do control da documentación presentada e estampadas cun selo que acredite a súa imputación ao programa a subvencionar polo convenio.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia no ordinal 1º.

4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar a entidade beneficiaria da subvención, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 euros no suposto de prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica. A entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo salvo que, polas especiais características dos gastos subvencionables, non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria, cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

c) En canto aos custos salariais, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" deberá presentar, referida á mensuralidade ou mensuralidades durante as que se desenvolva o programa, a seguinte documentación:

1º. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.



2º. Recibos de salarios.

3º. Recibo de Liquidación de Cotizacións (RLC) e Relación Nominal de Traballadores (RNT) correspondentes ao meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia, ou cargo bancario correspondente, que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar ás actividades que conforman o programa obxecto de subvención será do 100% do gasto do persoal técnico, cando este dedica o total da xornada a desempeñar tarefas das actividades subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional á súa dedicación a ditas actividades. Neste último suposto, se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, achegárase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas das actividades realizadas en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extra salariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar. Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non disfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución da persoa traballadora titular subvencionáranse os custos que ocasiona a persoa traballadora que a substitúe.
- No caso de que non se substitúa a persoa traballadora titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade, excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.

d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá consultar, a través dos medios electrónicos dispoñibles, os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas, agás oposición expresa de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", en cuxo caso deberá achegar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

1º. NIF da entidade.

2º. DNI ou NIE da persoa representante.

3º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

4º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

5º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" a presentación dos documentos correspondentes.



4. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025 e deberá presentarse na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica con data límite do 17 de decembro de 2025.

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento”, comprométese á presentación dos documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre, unha vez obren no seu poder e en calquera caso non máis tarde do 31/01/2026.

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento”, no momento da xustificación da execución total das actividades que conforman o programa e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

5. “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño. Así mesmo, “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

## **SÉTIMA. SUBCONTRATACIÓN**

Para a execución do presente programa “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” poderá subcontratar con outras entidades no marco que permite a Lei 9/2007, de 13 de xuño.

A entidade subcontratada quedará obrigada soamente ante “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” a cal asumirá a total responsabilidade da execución da subvención fronte a Administración.

A actividade a subcontratar relativa ao asesoramento xurídico será dun 10 % da contía total do programa.

A entidade subcontratada non terá acción directa fronte á Consellería de Política Social e Igualdade polas obrigas con “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” como consecuencia da execución da subvención principal e dos subcontratos.

## **OITAVA. COMPATIBILIDADE**

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención destinado ao financiamento das actividades que conforman o programa obxecto deste convenio, en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das actividades subvencionadas.

En todo caso a obtención concorrente doutras achegas, fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.



## NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da concesión directa da subvención a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información xenérica relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

A entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no programa.

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución do seu programa subvencionado a través deste convenio, polo



que non poderán ser usados para un fin distinto.

## **DÉCIMA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación das actividades previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como as súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e designaraa a persoa titular da Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia."

## **DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA**

O presente convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións englobadas nas actividades do programa descritas na cláusula terceira do presente convenio que realizase a entidade beneficiaria dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao abeiro deste convenio.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓNS.**

Tal como se indica no art.17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación do convenio, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

## **DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS**

1. O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.





2. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra eles cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### **DÉCIMO CUARTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS DA MESMA**

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) Incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- b) A aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) O transcurso do tempo fixado sen que se execute o programa obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora acumulados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá exixir a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" o reintegro das cantidades achegadas segundo o establecido na cláusula sétima e dos xuros de mora acumulados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, previa resolución ditada ao abeiro do establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da citada Lei 9/2007, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo das actividades subvencionadas.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

#### **DÉCIMO QUINTA. COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas



no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano no lugar e data da súa sinatura dixital.

Dunha parte a administración concedente da  
subvención:  
POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E  
IGUALDADE  
A conselleira

Doutra a entidade colaboradora do programa:

POR "MANAIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE  
ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO"  
A presidenta

Fabiola García Martínez

Tania Lago Aller





ANEXO I

DESGLOSE DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DA ENTIDADE "MANAIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO" PARA O EXERCICIO 2025			
Concepto	MANAIA	Xunta de Galicia	TOTAL
Gastos de persoal (nóminas)	18.500,00 €	39.500,00 €	58.000,00 €
Dietas/desprazamentos	3.200,00 €	3.800,00 €	7.000,00 €
Actividades (encontros familiares, xornadas formativas, obradoiros de familia, grupos de apoio, congresos, orientación e atención individualizada)	4.850,00 €	17.250,00 €	22.100,00 €
Comunicacións e gastos informáticos	400,00 €	1.100,00 €	1.500,00 €
Gastos de administración e xestión.	2.600,00 €	1.800,00 €	4.400,00 €
Atención Psicolóxica e Social	8.000,00 €		8.000,00 €
Outros gastos - Material de oficina, didáctico, diversos non recollidos nos apartados anteriores - Gastos de difusión	2.450,00 €	2.050,00 €	4.500,00 €
<b>Total Convenio</b>	<b>40.000,00 €</b>	<b>65.500,00 €</b>	<b>105.500,00 €</b>





## ANEXO II

### ÍNDICE

#### 1.- XUSTIFICACIÓN

- 1.1.- Evolución da adopción e o acollemento familiar
- 1.2.- Necesidades das familias
- 1.3.- Necesidades das nenas e nenos adoptados e acollidos

#### 2.- PREPARACIÓN, APOIO E ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS E ACOLLEDORAS

- 2.1.- Obxectivos
- 2.2.- Accións
- 2.3.- Como e onde
- 2.4.- Recursos

#### 3.- ACTIVIDADES DO PROGRAMA

- 3.1.- Encontros familiares e Xornadas Formativas
- 3.2.- Obradoiros de familia e grupos de apoio
- 3.3.- Congresos, Simposiums, Xuntanzas...
- 3.4.- Coordinación e atención individualizada
- 3.5.- Cadro orientador obxectivos/actividades/beneficiarios

#### 4.- ORZAMENTO

##### 1.- XUSTIFICACIÓN

A adopción e o acollemento son medidas de protección dirixidas a persoas menores de idade en situación de desamparo. A primeira consiste na integración definitiva destas nunha familia distinta á súa familia de orixe e a segunda promove a integración temporal na familia extensa ou nunha familia allea, realizándose en diferentes modalidades: de urxencia, temporal, permanente ou vacacional.

A adopción é un dereito das nenas e dos nenos e o seu propósito é buscar unha familia para aquelas e aqueles que a necesitan. Polo tanto, é fundamental que a familia que adopte ou acolla estea preparada e conte coas estratexias precisas para afrontar o reto de crear unha nova familia, que sexa coñecedora das situacións que se lle poidan presentar, das distintas





etapas polas que vai pasar ou dos recursos aos que poder acudir, entre outras cuestións.

O acollemento é un recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de nenos, nenas ou adolescentes que se atopan privados dunha adecuada atención pola súa familia, aínda que sexa circunstancialmente, e consiste en confiar o seu coidado a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar.

Un dos factores que, sen dúbida, axudan a garantir o éxito no proceso adoptivo e acolledor é a formación continua e o apoio familiar, tanto dende un punto de vista emocional como estratéxico e educativo.

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” leva xa 17 anos traballando en adopción e, os últimos 6 tamén en acollemento, ofrecendo ás familias de Galicia un espazo de atención, de información e de formación, onde poder expresarse e formarse sobre os distintos aspectos que a maternidade e paternidade adoptiva e acolledora teñen de especial. Con 115 familias socias é a asociación máis numerosa e activa de todo o territorio galego e, nestes intres, leva cinco anos executando este programa de atención personalizada a través dun convenio coa Xunta de Galicia, desde a súa sede na Casa Azul de Pontevedra, por medio do teléfono 688 927 124, do website [www.manaia.gal](http://www.manaia.gal), do mail [manaia@manaia.gal](mailto:manaia@manaia.gal) e das redes sociais en [www.facebook.com/adopcionmanaia](https://www.facebook.com/adopcionmanaia), ademais de facelo presencialmente nos sete concellos máis grandes de Galicia unha vez ao mes, coa intención de facerllo chegar ao máximo posible de familias.

O asesoramento xurídico, como parte da actividade do programa, prestarase a través da cesión por parte da Fundación Aldaba dunha persoa contratada a tempo completo como asesor xurídico para realizar diferentes tarefas sen custo para este programa, cunha porcentaxe de participación no proxecto do 10%, que tería as seguintes funcións: Informar sobre cuestións legais específicas, orientar e asesorar as familias en proceso de adopción o acollemento e as familias adoptivas e acolledoras, recompilar información ou normativa de referencia, entre outras.

É por iso que se presenta este Programa, coa fin de poder estar o máis preto posible das aproximadamente 3.000 familias adoptivas galegas, das case 1.500 propostas de adopción que esperan chegar a termo, das máis de 3.500 nenas e nenos adoptados, das aproximadamente 800 familias acolledoras e das 1.005 nenas e nenos acollidos que viven en Galicia, tentando promover o máximo de accións para facilitar a súa integración familiar, social e escolar e facilitando que sexan quen de cubrir as súas necesidades, e, como non, reivindicando que aproximadamente 1.000 nenas, nenos e adolescentes que viven en centros poidan ter a oportunidade de facelo nunha familia.

### 1.1.- Evolución da adopción e o acollemento familiar

Nestes últimos tempos estanse a producir profundos cambios no mapa adoptivo. Cambios que afectan aos aspectos legislativos, dentro e fóra do noso país, ás características das nenas e nenos adoptables, e á evolución do concepto de adopción e das diferentes formas de levala a termino. Todo isto está a xerar importantes transformacións nos procesos e nos tempos adoptivos e precísase que todas as familias afectadas teñan a información necesaria para entendedelos.

Ao mesmo tempo está medrando o interese social sobre o acollemento familiar, en boa parte polo gran traballo de entidades e asociacións, e estanse a poñer sobre a mesa novas modalidades, como o acollemento profesionalizado e leis que promulgan a necesidade de que ningún menor de 6 anos teña que criarse nun centro, priorizando o acollemento familiar





tanto en extensa coma en allea.

O obxectivo de “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” é facer visibles estes cambios, achegar ás familias en proceso de adopción ou acollemento e ás familias adoptivas e acolledoras a realidade adoptiva e acollidora de Galicia, estando aberto aos profesionais para fomentar foros de debate e interacción, así como promover espazos de reflexión e busca de alternativas reais ao iniciar novos procesos adoptivos ou acolledores.

### 1.2.- Necesidades das familias

A experiencia de “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento”, a das 19 asociacións que forman *CORA, Coordinadora de Asociacións de Adopción e Acollemento* e a das 21 asociacións que forman a *ASEAF, Asociación Estatal de Acogimiento Familiar*, amosan que moitas familias que adoptan ou acollen precisan, nalgún momento da súa historia, algún tipo de apoio. Ás veces solúcionase con expresar sensacións e facelas comúns ao atopar a outras persoas que pasaron polo mesmo, outras veces chega cunha pequena axuda a modo de charla ou obradoiro que faga entender e sincronizar pequenos desaxustes e outras, precísase de atención profesional concreta e, sobre todo, especializada. En conclusión, estas familias teñen unhas necesidades comúns:

- Integrar a nenas, nenos e adolescentes cuxa pericia vital xerou dano emocional.
- Coñecer as necesidades específicas das nenas, nenos e adolescentes que adoptaron ou acolleron.
- Axudarlles a facer fronte e reparar as vivencias e emocións derivadas da separación da súa familia de orixe.
- Superar crenzas e prácticas habituais na cultura adoptiva na que as orixes se abordan desde o incógnito.
- Abordar con naturalidade e claridade explicacións sobre a historia de vida e a condición adoptiva ou acollidora das nenas, nenos e adolescentes.
- Comprender e facer fronte ás dificultades de comportamento e socio-emocionais das nenas, nenos e adolescentes.
- Protexer a nenas, nenos e adolescentes procedentes doutras etnias de actitudes xenófobas e facilitar o proceso de identificación e identidade.
- Entender o xeito no que a súa condición de persoas adoptadas ou acollidas pode afectar as súas vidas.
- Coñecer os seus dereitos e obrigas e abordar con seguridade os trámites administrativos relacionados.

### 1.3.- Necesidades das nenas e nenos adoptados e acollidos

As nenas e nenos adoptados ou acollidos, en moitos dos casos, presentan unhas necesidades específicas que dende as familias é moi importante atender, polo que precisan:

- Un ambiente de estabilidade e seguridade.
- Ser aceptadas e aceptados incondicionalmente, a pesar das súas dificultades.
- Reparar os danos sufridos anteriormente e que lle puideron supoñer secuelas, trastornos e dificultades de todo tipo.
- Coñecer experiencias de éxito, eficacia e recoñecemento que axuden a mellorar a súa autoestima.
- Coñecer e saber o que lles sucedeu, os motivos polos que foron entregados en adopción ou acollemento e poder falar diso.
- Ter unha historia persoal e familiar completa e coherente coas súas identidades.
- Reconciliarse coa súa historia e integrarse nos seus dous mundos.
- Dispor dun legado propio procedente da súa familia de orixe.
- Recibir apoios especializados en momentos como a adolescencia ou o proceso de





emancipación para minimizar riscos de conflito ou distanciamento familiar.

- Compartir experiencias, vivencias e apoio mutuo entre iguais, nenas, nenos e adolescentes adoptados e/ou acollidos.

## 2.- PREPARACIÓN, APOIO E ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS E ACOLLEDORAS

As asociacións pertencentes aos ámbitos da adopción e/ou acollemento e que prestan os seus servizos e axuda nestes ámbitos observan a necesidade de que a formación e orientación das familias mellore substancialmente e que as propias familias adoptantes ou acolledoras se incorporen e comprometan no proceso de formación para preparalas, desde a súa experiencia familiar, para afrontar as dificultades que xorden durante a integración da persoa menor na familia e nas súas diferentes etapas evolutivas, tal como manifestan moitos profesionais de referencia.

Con esta intención “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” quere continuar co seu servizo de información, preparación e acompañamento, en calquera momento do proceso, para familias en proceso de adopción ou acollemento e ás familias adoptivas e acolledoras e familias interesadas nestes eidos, dende a propia perspectiva das familias que forman a asociación, perspectiva única xa que parte non só da formación senón tamén da propia experiencia.

Ao mesmo tempo con este programa, preténdese dar un espazo propio ás persoas adoptadas e acollidas onde poidan compartir as súas inquedanzas, formarse en temas de interese e participar activamente en calquera das accións sociais onde poidan estar presentes.

### 2.1.- Obxectivos

O obxectivo principal do programa é ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio ás familias en proceso de adopción ou acollemento e ás familias adoptivas e acolledoras para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas das nenas e nenos adoptados ou acollidos e acompañar a estas persoas adoptadas e/ou acollidas no seu paso á idade adulta.

Obxectivos específicos:

- **Realizar formación de calidade** para todas e cada unha das partes que interveñen no proceso achegando a realidade da experiencia diaria da integración dunha nena, neno ou adolescente, nacional ou doutro país, ás familias en proceso de adopción ou acollemento e ás familias adoptivas e acolledoras, dotándoas de recursos e habilidades imprescindibles para a integración social da nena, neno ou adolescente e a súa vinculación familiar.
- **Ofrecer acompañamento e apoio** contactando e concienciando ao máximo número de familias en proceso de adopción ou acollemento e ás familias adoptivas e acolledoras posibles, e ás súas fillas e fillos, contribuíndo a normalizar as súas vivencias e ofrecéndolles un lugar de encontro independentemente do momento en que se atope a súa realidade.
- **Ofrecer formación, acompañamento e apoio** específico ás persoas adoptadas e/ou acollidas que están na adolescencia ou na súa primeira idade adulta, nos que relacionarse entre iguais fóra do control parental, organizar actividades relacionadas coa adopción/acollemento, como por exemplo a busca de orixes ou a promoción da busca de persoas que sirvan de referentes.
- **Ofrecer todo tipo de información** relativa á adopción e o acollemento de nenas, nenos





ou adolescentes, tanto nacional como internacional dispoñendo do máximo de documentación actualizada en temas de interese e normativa relacionada con este eido.

- **Informar e formar a profesionais** implicados na atención e apoio ás familias en proceso de adopción ou acollemento, as familias adoptantes e acolledoras, así como as persoas adoptadas e acollidas, mediante a invitación ás actividades organizadas para fomentar foros de debate e interacción, a planificación de accións específicas e a facilitación de material específico.

## 2.2.- Accións

### - *Información*

Facilitar información real e veraz sobre todas as fases e aspectos relacionados cos procesos de adopción e acollemento, sendo referente en Galicia na fase post adoptiva.

Organización e participación en congresos, simposios e encontros sobre adopción e acollemento, incluíndo o Congreso Galego bienal, actuando tamén como enlace entre familias e entidades públicas e privadas implicadas nos procesos adoptivos e acolledores.

### - *Formación*

Realización mensual de encontros familiares e xornadas formativas en cada unha das sete cidades galegas, cun mínimo de 7 encontros anuais, con profesionais especializados, charlas, obradoiros e actividades lúdicas, garantindo servizo de atención infantil. Ademais, celebrarase mensualmente un mínimo de 77 obradoiros familiares e grupos de apoio mutuo específicos nas mesmas cidades, agás agosto, con metodoloxía participativa e adaptada ás demandas das familias.

### - *Acompañamento*

Ofrecer espazos individuais e grupais para compartir experiencias e preocupacións sen xulgamento, proporcionando atención psicolóxica e social gratuíta (até 5 sesións), con profesionais titulados e especializados en protección á infancia, adopción e acollemento, orientando tamén cara a recursos específicos segundo as necesidades.

### - *Coordinación e atención individualizada*

Xestión e coordinación continuada das actividades do programa por unha persoa específica que proporcionará asesoramento personalizado, tanto na sede da asociación como mediante visitas mensuais ás cidades participantes, garantindo proximidade e accesibilidade.

## 2.3.- Como e onde

### a) Atención

*Telefónica:* Todos os días laborais laborables en horario de oficina.

*Electrónica:* Todos os días laborais laborables en horario de oficina.

*Presencial:* Tódolos días laborables na Sede de "MANAIA, asociación galega de adopción e





acollemento" e **1 día ao mes** en cada unha das **sete grandes cidades** de Galicia: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.

A atención presencial realizarase en locais cedidos a MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" .

Tamén se prestará atención personalizada noutras datas e horarios, sempre que a consulta o precise.

## b) Información

*A través da Web da Asociación:* 24 horas ao día e 365 días ao ano a través da web.

Información actualizada do funcionamento da asociación, servizos, axenda, proxectos, biblioteca-videoteca, saúde na adopción e o acollemento, deducións e axudas, tramitación de adopción nacional e internacional, tramitación do acollemento ou novas e enlaces a outros sitios de interese, entre outras cuestións.

*Atención:* Mediante calquera das formas arriba citadas.

## c) Formación

Encontros familiares, ou de persoas adoptadas e/ou acollidas, e xornadas formativas un sábado ao ano e obradoiros de familia e grupos de apoio unha vez ao mes, en cada unha das sete cidades do proxecto, que celebrarán en locais cedidos polos concellos a esta entidade, así como congresos, simposiums ou xuntanzas.

## 2.4.- Recursos

### - Espazos

Os locais necesarios serán achegados gratuitamente por "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" nas sete cidades incluídas no proxecto, con independencia das que se celebren en locais cedidos polos concellos.

### - Recursos humanos

Cóntase cunha ampla rede de profesionais colaboradores especializados en adopción e acollemento ou nas diferentes áreas de formación que se desenvolven, tanto en territorio galego coma nacional.

Desde "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" cóntase con:

- **unha persoa** contratada a tempo completo como Coordinadora para realizar as diferentes tarefas necesarias para desenvolver o programa. Dita persoa conta con este perfil:

- Vinculación co eido adoptivo e acolledor.
- Experiencia e formación en temas relacionados coa adopción e o acollemento de máis de 10 anos.
- Boa comunicadora e con don de xentes.
- Con capacidade de facer de ponte entre as necesidades das familias en proceso de adopción ou acollemento e ás familias adoptivas e acolledoras con outros suxeitos e os recursos que poden existir.

### Funcións

- Informar sobre cuestións específicas da adopción e o acollemento a través do teléfono, vía correo electrónico ou presencialmente.





- Apoiar as familias en proceso de adopción ou acollemento e as familias adoptivas ou acolledoras en situacións de crise.
- Orientar e asesorar as familias en proceso de adopción ou acollemento e ás familias adoptivas e acolledoras.
- Recompilar información dos diferentes países.
- Moderar obradoiros.
- Dirixir e moderar o *Programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras*.
- Asistir a congresos, seminarios ou xornadas que se organicen no ámbito nacional, ben como relatora ou como oínte, segundo demanda.
- Representar a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" en *CORA, Coordinadora de Asociacións de adopción e acollemento*.
- Colaborar con outras asociacións.

- **unha persoa contratada a tempo parcial** como auxiliar para realizar as diferentes tarefas administrativas necesarias para desenvolver o programa e, ademais, asumir a organización das actividades relacionadas coas persoas adoptadas e/ou acollidas. Dita persoa conta con este perfil:

- Vinculación co eido adoptivo ou acolledor, preferentemente achegada ás características do grupo de persoas adoptadas e/ou acollidas.
- Experiencia e formación en temas relacionados coa adopción e o acollemento.
- Boa comunicadora e con don de xentes.
- Con habilidades de xestión de grupos.
- Con capacidades administrativas.

#### Funcións

- Organizar as actividades das persoas adoptadas e/ou acollidas e atender as necesidades de dito grupo.
- Atender xenericamente a chamadas telefónicas e correos electrónicos.
- Concertar citas para asesoramento persoal, a realizar pola persoa que exerza as tarefas de asesoramento dentro da Asociación, coas persoas que o demanden.
- Administrar o fondo documental.
- Enviar e recibir a correspondencia, clasificala e arquivala.
- Enviar a documentación e información necesaria.
- Redactar cartas ou calquera outro tipo de informe ou escrito necesario, ben para remitir ás persoas socias ou presentar á xunta Directiva para a súa aprobación.
- Xestionar as salas: calendario de charlas, talleres.
- Seguir a información que poida ser de interese para a asociación; BOPV, DOG, revistas, ou outro tipo de información procedente doutras institucións e empresas privadas.
- Contactar con persoas relatoras para impartir charlas.
- Recoller solicitudes das persoas participantes na charla.
- Recoller datos daquelas persoas que utilizan internet para realizar a solicitude de nova familia socia interesada no programa.
- Convidar a diferentes persoas ou estamentos a actividades organizadas pola asociación, coa finalidade de orientar, asesorar, acompañar e apoiar as familias adoptantes e acolledoras e/ou ás persoas menores .

- Recursos técnicos

"MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" conta con ordenador, proxector, altofalante, é dicir, pode cubrir as necesidades técnicas do Programa con recursos propios.





- Traballo en rede

Mantén contacto con moitas das entidades que traballan no eido da protección á infancia e colabora con elas en multitude de actividades, tanto ofrecéndolles formacións e información relevantes coma programando actividades conxuntas.

### 3.- ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Tódalas actividades son de balde e abertas a todas as familias en proceso de adopción ou acollemento e ás familias adoptivas e acolledoras ou en espera, sexan ou non socias de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento".

#### 3.1.- Encontros familiares e Xornadas Formativas - Mínimo 7 ao ano

Actividades de carácter preparatorio e indicativo, coa presenza de profesionais de recoñecido prestixio, dirixidas a familias en proceso de adopción ou acollemento e ás familias adoptivas e acolledoras e/ou a persoas adoptadas e/ou acollidas e abertas a todas as persoas interesadas con todo tipo de temática relacionada coa adopción e o acollemento en calquera dos seus momentos.

Esta actividade contará sempre con servizo de sala de xogos durante a súa duración, coa finalidade de que ningunha familia quede sen asistir por non ter quen coide das fillas e fillos.

Formato:

- Mañá: Charla/Coloquio.
- Mediodía: Xantar/pícnic.
- Tarde: Obradoiros e/ou actividades lúdicas.

**Temporalización:**

- 1 sábado ao ano en cada unha das sete cidades.

**Duración:**

- Mínimo 4 horas.

**Metodoloxía:**

- Charlas, conferencias, obradoiros, actividades lúdicas...

TOTAL:

- 1 sesión por cidade x 7 cidades = 7 sesións (mínimo 28 horas)

#### 3.2.- Obradoiros de familia e grupos de apoio - Mínimo 77 ó ano

Posta en marcha de obradoiros de familia e grupos de axuda mutua específicos, moderados nalgúns casos polas propias familias e noutros por profesionais especializados. Terán metodoloxías participativas centradas nas demandas das propias familias que participen.

Temporalización:

- 1 ao mes en cada unha das sete cidades (agás agosto)

Duración:

- 2 horas.

Metodoloxía:

- Charlas, coloquios, debates, cinefóruns, obradoiros, GAMs (grupos de axuda mutua)...

TOTAL:

- 11 sesións por cidade x 7 cidades = 77 sesións (154 horas)





### 3.3.- Congresos, Simposiums, Xuntanzas...

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” organiza, colabora na organización, participa ou asiste a todo tipo de actividades relacionadas coa adopción e o acollemento, sempre que teñan como obxectivo analizar, estudar, informar ou mellorar o eido adoptivo e/ou acolledor, preferentemente no territorio de Galicia.

Dende a Asociación organizamos xornadas formativas concretas, formación para entidades e colectivos profesionais e organizamos cada dous anos o Congreso Galego de Adopción e Acollemento, do que levamos catro edicións.

### 3.4.- Coordinación e atención individualizada

A persoa que ostenta a coordinación do programa é a encargada de programar, organizar e xestionar tódalas actividades descritas anteriormente, coa axuda da auxiliar administrativa, atendendo para elo as peticións expresas das familias en proceso de adopción ou acollemento e das familias adoptivas ou acolledoras o e os temas que xorden na evolución da adopción e o acollemento. Asemade, é tamén a encargada de ofrecer a atención e o asesoramento individualizado a estas familias durante todo o ano, tanto na sede da asociación en horario de oficina coma desprazándose a cada unha das cidades onde se realiza o programa unha vez ao mes, garantindo o maior achegamento e proximidade posible a todas as persoas destinatarias do programa. Para a atención especializada de índole legal, a persoa coordinadora exercerá de ponte entre as familias e o asesor xurídico de Faiben. Tamén se encarga de tódalas actividades descritas nas súas funcións.

### 3.5.- Orientación psicolóxica e social

A finalidade desta actividade é o apoio, acompañamento e orientación psicolóxica e social ás familias en proceso de adopción ou acollemento e familias adoptivas e acolledoras, así como as nenas, nenos e adolescentes adoptadas e/ou acollidas, e as persoas adultas adoptadas e extuteladas de Galicia.

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” atenderá as necesidades que as persoas beneficiarias do programa no son capaces de resolver por sí mesmas ou a través do acompañamento familiar ofrecido, precisando dunha orientación profesional. Nesta orientación prestarase especial atención ás dificultades na crianza, ós tránsitos entre acollemento e adopción, á preparación para as adopcións abertas e os acompañamentos ás persoas adoptadas e extuteladas nas buscas de orixes. Así como outras cuestións relacionadas.

A forma de acceder ao servizo será despois dunha primeira entrevista co persoal de “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento”, mediante cita previa solicitada a través dos diferentes medios de contacto establecidos pola asociación. Posteriormente, de ser valorada a necesidade, derivarase ao profesional correspondente.

A atención constará de até un máximo de 5 sesións, de carácter gratuíto, que incluírán como mínimo:

- Valoración das necesidades da familia e/ou persoas que soliciten o servizo.
- Orientación psicolóxica e/ou social e e/ou derivación a recursos específicos (equipos de educación, logopedia, servizo de psiquiatría infanto-xuvenil, terapia psicolóxica, ou outros).

O horario e a frecuencia deste acompañamento serán definidos polo profesional ao que se





fixo a derivación.

Para o desenvolvemento deste Servizo, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" contará con persoas graduadas en Psicoloxía, Traballo Social e Educación Social con experiencia e formación no campo da protección á Infancia e/ou adopción e acollemento.

### 3.6.- Cadro orientador obxectivos/actividades/beneficiarios

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	BENEFICIARIOS
Realizar formación de calidade	<ul style="list-style-type: none"><li>• Encontros familiares e Xornadas Formativas</li><li>• Obradoiros de familia e grupos de apoio</li><li>• Congresos, Simposiums, Xuntanzas</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Familias e nenos, nenas e adolescentes (en diante NNA)</li></ul>
Ofrecer acompañamento e apoio	<ul style="list-style-type: none"><li>• Encontros familiares e Xornadas Formativas</li><li>• Obradoiros de familia e grupos de apoio</li><li>• Coordinación e atención individualizada</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Familias e NNA</li></ul>
Ofrecer todo tipo de información	<ul style="list-style-type: none"><li>• Coordinación e atención individualizada</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Familias e NNA</li></ul>
Atender as necesidades das persoas adoptadas e/ou acollidas	<ul style="list-style-type: none"><li>• Encontros e formación entre iguais.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Familias e NNA</li></ul>

